




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Muros e Noia. Municipio: Muros ao oeste e Outes ao leste.
Parroquias: Santa Mariña de Esteiro en Muros e San Xoán do Freixo de Sabardes en Outes.
Extensión: 1,00 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tanto a Punta Carreiro como a Illa Quebra constitúen o vértice meridional dunha aliñación montañosa de natureza granítica. No extremo norte da costa continental, o descenso ao mar prodúcese a través dunha pendente tendida e progresiva, mentres que ao nordeste da unidade, a liña costeira presenta vertentes acantiladas ao redor do 20 - 30% de desnivel medio.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio de ortogneis biotítico blastomilonítico, pero aparecen varios enclaves abertos baixo o ortogneis, con certo tamaño, nos que aflora un granito herciniano de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada de ambiente climático Cálido e Húmido. Temperatura media anual maior de 15° C, amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. En canto ás precipitacións acumuladas ao longo do ano rexístranse valores entre 1200 mm e 1400 mm.

OS SOLOS

Unidade acantilada con predominio dos solos pouco desenvolvidos sobre materiais graníticos nos que se forman horizontes de escaso espesor e en moitos casos con importante presenza de afloramentos da rocha subxacente. Por iso as tipoloxías principais son os umbrisoles dístricos e os regosoles, quedando as áreas máis degradadas ocupadas por leptosoles líticos.


AS AUGAS

O carácter rochoso e abrupto desta franxa costeira reduce as canles fluviais a pequenas valgadas que transcorren pola ladeira cara ás Augas Costeiras da Punta Carreiro (20174), en plena Ría de Muros e Noia. Destaca como o maior arroyo da unidade o que desemboca na praia de Arnela.

O PATRIMONIO NATURAL

Dende As Lontreiras ata o extremo nordeste da unidade, a liña de costa e as formacións intermareais están protexidas polo LIC Esteiro do Tambre. Costa acantilada baixa rochosa. Domina o hábitat 1230, de acantilados mariños atlánticos. Interior moi degradado por repoboacións forestais. No sector de Punta do Carreiro pode falarse dunha matogueira incluíble no hábitat 4040, breixeira seca costeira atlántica de Erica vagans, pero con reservas por degradación. Só algunhas ladeiras e cumes conservan zonas con ambientes do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica e de matogueira, en concreto, breixeira seca europea (4030).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Dominio da masa forestal repoboada sobre o acantilado, interrompida unicamente pola estrada que bordea toda a franxa costeira. De forma puntual existen algunhas edificacións de uso residencial e unha edificación de uso hostaleiro na franxa oeste. No extremo este do litoral tamén existen edificacións de uso residencial de forma illada e outras actividades industriais na liña costeira, como é o caso dun peirao con naves e edificacións anexas destinadas á industria madeireira e unha nave de recente creación en Punta Cambrona. A praia de Arnela ou Cambrona constitúe un excelente enclave turístico polo seu illamento. Os polígonos de bateas para o cultivo de mexillón constitúen outro uso destacable da unidade. Fronte a Punta Carreiro sitúase a illa de Quebra, de propiedade privada e nela hai unha edificación de uso residencial rodeada por unha masa de arboredo disperso, posúe dous embarcadiros que forman unha pequena dársena.

MORFOLOXÍA

O escaso número de edificacións sitúase de forma dispersa na marxe superior do acantilado nas proximidades da estrada AC-550. Os devanditos asentamentos son recentes e non responden ao modelo tradicional agrícola, senón que están orientados exclusivamente ao uso residencial. Enfocado ao confort que ofrece unha situación privilexiada e ao gozo das panorámicas dende o acantilado. Os usos industriais sitúanse en primeira liña da costa ao leste da unidade. O serradoiro e as súas edificacións responden aos patróns construtivos de carácter tradicional, non así a nave de recente creación situada en Punta Cambrona.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade é atravesada transversalmente pola estrada AC-550, que percorre o litoral comunicando as poboacións da comarca, este tramo rompe a continuidade do acantilado dividíndoo en dúas partes norte e sur. Obsérvanse tramos do antigo trazado que transcorre paralelo a aquel e de forma máis sinuosa. Existen pistas que parten da AC-550 e permiten o tránsito cara ás pendentes máis elevadas dentro da masa forestal.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A illa de Quebra está rodeada de mitos e lendas. Na Idade Media existiu unha ermida dedicada a Santa María e custodiada por un ermitán, alí celebrábase unha concorrida romaxe con xentes provenientes das poboacións próximas. Hai numerosas lendas relacionadas coa illa, a máis coñecida é acerca da construción da devandita ermida, o escritor Vicente Risco contábao deste xeito: "Na Creba había mouros que tiñan un templo do seu falso deus. Os cristiáns matáronos deixando só a filla do xefe. Esta invocou o demo, quen levantou unha tempestade que afogou os cristiáns e separou a illa da terra. A moura converteuse nunha gran serpe rodeada de feras que afundían os barcos. Os cristiáns foron onde un santo home que lles aconsellou bendicir a illa e erguer a igrexiña da Nosa Señora da Creba".

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Os elementos fundamentais na caracterización da paisaxe desta unidade constitúeno o acantilado que verte as súas ladeiras ao mar e a illa de Quebra. Este promontorio culmina nas Puntas de Carreiro, Uhía e Casarrica. As devanditas ladeiras acantiladas confiren unha identidade montañosa á paisaxe que polo seu accidentado relevo dificultou os asentamentos mantendo esta unidade máis illada que outras da comarca. A praia de Arnela e a illa de Quebra incorporan un alto valor turístico á zona. O cultivo de mexillón no polígono de bateas próximo ao acantilado relaciona esta unidade co sector pesqueiro da comarca.

DINÁMICA DA PAISAXE



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A illa de Quebra xunto co acantilado que culmina no promontorio de Punta Carreiro constitúen unha formación de singular atractivo dende o punto de vista paisaxístico. Malia as modestas altitudes, o relevo accidentado con pendentes que verten directamente ao litoral e a ausencia de núcleos en toda a unidade confiren a esta paisaxe un carácter abrupto e de illamento apoiado coa illa de Quebra, estas circunstancias incorporan un valor engadido para a visión dunha paisaxe natural única na comarca de Muros e Noia. A illa de Quebra convértese nun excelente miradoiro para obter unha ampla panorámica do fondo da ría de Muros e Noia, así como as costas de Noia e a marxe oposta de Porto do Son, o Monte de Campo Grande constitúe unha atalaia natural para esta paisaxe e permite a intervisibilidade entre diferentes puntos da ría. A historia e as lendas arredor da illa de Quebra dotan o conxunto dun halo de misterio e encanto. Dende As Lontreiras ata o extremo nordés da unidade, a liña de costa e as formacións intermareais están protexidas dentro do LIC Esteiro do Tambre e a súa inclusión na Rede de Espazos Naturais e na Rede Natura 2000.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



